

Federación de ANPA de centros públicos da provincia de Pontevedra
G36020311
Rogelio Carballo Solla, presidente de FANPA Pontevedra
35.321.206Z
rúa Xan Guillermo, nº 9, 36002. Pontevedra
986 858605

Rogelio Carballo Solla, presidente da Federación Provincial de ANPA de Centros Públicos da provincia de Pontevedra, FANPA Pontevedra,

EXPOÑO:

A Lei 26/2015, do 28 de xullo (BOE do 29 de xullo), de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, establece unha reforma lexislativa da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado e da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, que afectan en aspectos fundamentais e comportan **responsabilidade xurídica aos membros das xuntas directivas das ANPA e ás actividades que desenvolven**. Neste sentido, do noso estudo preliminar da lei podemos sinalar varias cuestións conflitivas.

1. O apartado 8 do artigo 1 da Lei 26/2015, polo que se modifica o apartado 1 e se engaden os apartados 4 e 5 ao artigo 13 da lei 1/1996, do 15 de xaneiro, establece que *“Será requisito para o acceso ás profesións, oficios e actividades que supoñan contacto habitual con menores, o non ser condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades, deberá acreditar dita circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais”*. A lexislación española regula o acceso ás profesións e aos oficios mediante os títulos habilitantes, que se acadan segundo os requisitos formativos de cada un deles, e o Código civil e penal o exercicio das profesións e oficios. Esa lexislación é a única procedente para inhabilitar o exercicio profesional (así como os colexios profesionais no caso de profesións reguladas por colexiación obrigatoria). Pola contra, **as ANPA non somos entidades ás que a lei habilite para denegar o acceso ou exercicio dunha determinada profesión ou oficio**, no entanto, esta reforma legal traslada a dita responsabilidade ás ANPA, coa inseguridade que comporta e as consecuencias xurídicas que se desprenden dela.
2. Aínda que a Lei 26/2015 non especifica obrigas para as entidades que contraten a profesionais ou empresas que desenvolvan as actividades propias das ANPA, que loxicamente teñen contacto habitual con menores, parece desprenderse do anterior artigo a obriga das ANPA de pedir a cada profesional o certificado de non ter antecedentes por delitos sexuais. **Isto comporta, ao noso entender, unha responsabilidade subsidiaria** en caso de incidente delituoso de índole sexual dunha persoa ou empresa contratada pola ANPA, que implica directamente aos cargos da súa Xunta Directiva, que recordamos son cargos que se exercen

sen contraprestación económica, supoñendo un evidente desequilibrio entre responsabilidade e retribución.

3. A certificación negativa do Rexistro Central de Delincentes Sexuais ten unha consideración de datos de nivel medio, segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. As ANPA manexan, habitualmente, datos de nivel básico, o que non require especiais medidas de protección dos datos, nin materiais nin administrativas. Pola contra, os datos de nivel medio implican uns requirimentos de protección, custodia e xestión que supoñen un obstáculo máis para o desenvolvemento das actividades propias da ANPA.

A título de exemplo, a Secretaría Xeral de Igualdade rectificou unha orde de axudas para as ANPA para evitarlles os requirimentos de achegar a declaración da renda das familias, pois tales datos de nivel medio facían imposible ás ANPA concorrer á subvención. Neste sentido, compre subliñar que as ANPA son de natureza moi diversa e cunha heteroxénea capacidade e recursos, pois poden ser de colexios unitarios ou de centros con tres aulas por curso. Evidentemente, estas esixencias afectan ás ANPA menos dotadas de medios materiais e humanos, que xeralmente son as dos colexios máis pequenos.

4. A Lei 26/2015 non establece as diferenzas entre persoas xurídicas e físicas ao obxecto de garantir que os responsables da realización das actividades que supoñan contacto habitual cos menores non teñan antecedentes de delitos sexuais. Neste sentido, **parece desprenderse da lei que ás persoas físicas contratadas polas ANPA se lles debe requirir o certificado negativo, pero ás persoas xurídicas (empresas) non se lles esixe ningún requirimento por parte das ANPA.** Isto supón un problema insalvable para as ANPA de centros pequenos, pois habitualmente son profesionais autónomos os que desenvolven as actividades extraescolares, posto que ás empresas non lles resulta economicamente posible atendelas. Pero as esixencias derivadas da LOPD sinaladas anteriormente pódelles impedir a estas ANPA a realización das actividades extraescolares, coa evidente desvantaxe respecto aos colexios de maior tamaño, nos que as súas ANPA teñen máis recursos e capacidade de xestión.
5. As obrigas derivadas da Lei 26/2015 establecen que o certificado do Rexistro Central de Delincentes Sexuais debe esixirse para actividades onde sexa “**habitual**” o contacto con menores. Este termo, no ámbito das ANPA, **supón unha ambigüidade que comporta unha insoportable inseguridade xurídica.** Deste xeito, unha festa de entroido é unha actividade habitual? Só se fai unha vez ao ano, pero faise todos os anos. E unha excursión de fin de curso? Incluso para os pais supón un conflito, pois as festas de aniversarios son actividades habituais. Se como pai contrato un animador para a festa de aniversario do meu fillo, teño que pedir ese certificado? E despois, teño que custodiar ese certificado segundo as esixencias da LOPD?

Neste sentido, o Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xosé Manuel Pinal Rodríguez, emitiu unha **instrución aos centros de ensino público** o 01/03/2016, na que se anuncia que se lles pida ás ANPA “*para que, respecto do seu persoal adscrito aos servizos na actualidade ou do que poidan contratar no futuro, acheguen unha declaración responsable sobre o debido cumprimento do mandato legal*”.

Segundo o exposto anteriormente, expreso a seguinte QUEIXA:

A redacción da Lei 26/2015 e a súa posta en funcionamento supón, para as ANPA, unha **translación de responsabilidades e obrigas propias da Administración**, que a partir de agora pasan a ser responsabilidade de entidades sen ánimo de lucro que non contan nin coa capacidade nin coa solvencia para asumilas, e sen que sexan propias dos seus fins estatutarios. Ao mesmo tempo, as obrigas derivadas da devandita lei supoñen, en primeiro lugar, unha **inseguridade xurídica manifesta**, e ademais, un obstáculo engadido á súa capacidade para desenvolver as actividades do seu interese, podendo en moitos casos, ser obstáculos insalvables que impidan a realización das súas actividades. Neste sentido, e con esta inseguridade xurídica, esixir dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os certificados do persoal, sen que dende a Lei 26/2015 exista unha obriga manifesta e incontrovertible para as ANPA nin as consecuencias legais que se desprenden da lei, ao noso entender, supón unha **actuación administrativa que pon en risco o dereito das ANPA a exercer as accións e actividades** que lles son propias pola súa natureza.

Nun sentido máis amplo sobre a cuestión, consideramos que tampouco supón unha protección dilixente para os menores, xa que este discutible rexistro especial, só recolle aqueles casos nos que se teña producido unha sentenza co carácter de firme. Isto implica que carece de eficacia nos casos de presuntos delitos en proceso de investigación ou xulgamento. Sería moito máis oportuna e aceptable a existencia dun rexistro administrativo de idoneidade de profesionais e empresas para o traballo con menores no ámbito educativo - que incluíría a obtención dese certificado, como calquera outra acreditación profesional pertinente - e que quedasen totalmente á parte nais, pais e ANPA que simplemente colaboran e teñen un contacto extraordinario cos menores en actividades que xa contan con profesionais cualificados.